



Son banco. Meus irmáns foron tamén bancos, pero miñas irmás, macetas e varandas. Aínda que de material sinxelo, cemento, os meus artesáns foron artistas. O meu efecto madeira non o puido facer outro que ese home, o antigo apoderado ou administrador de Monterreal: D. Antonio Marcote, ese foi meu pai (ou quizais seu irmán Valentín), ambos coñecidos como Os do Castillo. As miñas iniciais maiúsculas A e B, son os meus ollos e, grazas a elas, puideron ver todo o que pasaba ao meu redor dende que me fixeron.

Ángel Bedriñana Meana foi meu amo e a el debo esas letras aínda que pouca xente as saiba xa interpretar. Lembro ler un ABC de 1924 que dicía que: *“El millonario asturiano Don Ángel Bediño (debía dicir Bedriñana), residente actualmente en Madrid, ha adquirido en 70.000 duros el histórico castillo roquero de Monte Real”*.

Parece mentira en vós baioneses/as, que vos esquecerades de quen vos deu dúas mil pesetas para comer en abril de 1936 a petición de Don Herminio Ramos. A Don Ángel debémoslle tamén o palco da música da Palma, construído as súas expensas no 1927 polo mestre de cantería Pereira (axudado por peóns como Angelito Vernet, un futuro artista). Se fose pouco, a Praza de Abastos da Vila leva tamén o seu nome.

Dentro da fortaleza, son da súa autoría diferentes modificacións, aínda que si vos digo a verdade, non recordo si o ameado o fixeran aqueles portugueses que viñeran traballar nas restauracións da muralla ou si fora cousa do amo anterior, D. José de Elduayen. O certo foi que se tapiaron troneiras dalgúns baluartes, pero tamén é verdade que non disparaban cando menos dende os anos 40 do século XIX.

Dende o meu recuncho ao pé da Porta do Pozo todo o vin. Lembro, por exemplo, un 29 de agosto de 1940. A vila choraba aínda a morte do Xeneral de Aviación D. Manuel Barreiro

Escrito por Anxo Rodríguez Lemos
Martes, 01 Setembro 2015 09:41

Álvarez, falecido en xullo, cando nunha das habitacións do Palacio, a filla do amo Dona Margot Bedriñana tivo a Alfonso María Juan, fillo do Comandante de Artillería D. Alfonso González. Pero Don Ángel non só tiña a Margarita (Margot). Con ela, viñan a pasar as temporadas estivais seu esposo e seus irmáns Don Ángel coa súa esposa Dona Dora Sedano, Don Jesús coa súa muller pertencente á nobreza de Valladolid ou Dona Digna, casada co alto mando da Mariña Española, D. Alejandro Molíns. Estes últimos, pasaban os veráns lonxe de min, nas antigas cabalerizas (hoxe Tapería A Pinta). Máis amiga miña, de sentarse longas tardes a miña beira era D. Dora Sedano, escritora de historias e novelas que gustaba de recostarse xunto á Torre do Príncipe e ver o atardecer mentres fabulaba as súas aventuras.

Aquel que tanto en min se sentara, Encomenda con placa da Orde de Alfonso X El Sabio, faleceu un 8 de novembro de 1952 aos 81 anos de idade, celebrándose o seu funeral na igrexa de San Jerónimo El Real. Dende aquela, conto os días do meu fin. Aínda que pensara que o 1963 sería o meu ano de falecemento, o meu sino non estaba alí. Por noticia de xaneiro daquel ano, souben que o Castelo viña de ser mercado por 19 millóns de pesetas para convertelo en Parador Nacional de Turismo, sendo ministro D. Manuel Fraga. Pensei ao momento, vendo o transcurso das obras, que o meu destino sería semellante ao do vello palacete de 1880 construído polo Señor Elduayen. Máis quixo o destino que fose apartado polos obreiros baioneses cara o meu actual emprazamento.

Dende aquela, sigo vixiando e recordando vellos tempos, as parolas con Joselín á beira da cisterna e o seu Goberno Cantiñán ou as coplas que entonaban os mariñeiros ao saír á ardora:

*Eu son de Baiona,
da terra do peixe,
a que precio llo vende señora señora!*

*Eu son de Baiona,
da terra da sardiña
a que precio llo vende
señora, señoriña.*

*Si sales a la mar matarilela,
si sales a la mar matarilela
Virgen de la Roca oriéntame en la mar
de esas bravas olas que se han de callar.*

Crónicas da Vella Erizana: “O Banco da A B”

Escrito por Anxo Rodríguez Lemos
Martes, 01 Setembro 2015 09:41

*El Castillo da,
luz al marinero,
todos los barquitos
para ese lucero.*

Un ano máis (si Dios quere) sigo aquí, comesto polas silvas e a vexetación aínda que sen patas e co corpo débil, esperando que o ferro do meu interior acabe por oxidar para sempre.

